# NOTA INFORMATIVA

## ADSCRICIÓN A CENTROS

O centro Andaina non está adscrito a ningún outro centro educativo nin para recibir alumnado doutro centro nin para que o noso alumnado curse ensinanzas superiores noutro.

## SOLICITUDE DE ADMISIÓN

O prazo de entrega de solicitudes abrangue do 1 ao 20 de marzo, ambos os dous inclusive.

A solicitude de posto escolar será única e presentarase no primeiro centro solicitado. Na propia solicitude poden cubrirse ata 6 centros ordenados por preferencia.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto as presentadas con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Logo do remate do devandito prazo a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización do/a alumno/a conforme ao procedemento subsidiario regulado no capítulo IV da Orde.

No caso de presentarse máis dunha solicitude, de comprobarse a falsidade ou uso fraudulento da documentación presentada ou estar fóra de prazo, o solicitante perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.